

do fluído eléctrico, e os centros de mando poderán ser: manuais, unifocais, multifocais ou automáticos, segundo a clase de instalación de iluminación pública e as súas características serán semellantes ás utilizadas polo Concello.

7. Esixirase o enterramento de tódalas conducións eléctricas da iluminación pública e privada nun prazo máximo de tres anos desde a aprobación do presente Plan, conforme o art. 13 da Lei 109/1966, de 10-3 sobre expropiación forzosa e sancións en materia de instalacións eléctricas, e arts. 5 e 29 do Regulamento Decreto 2.619/1966 de 20-10.

9. Condicións dos espazos libres.

Condicións do proxecto.

1.— O deseño analizarase atendendo á integración nos espazos públicos limítrofes distinguindo: áreas de estancia, itinerarios singulares, arboredos, mobiliario urbano, etc.

2.— O proxecto determinará as áreas expresamente dedicadas á instalación de estruturas móbiles e edificación provisional sometidas a cesión ou subhasta municipal, así como os servizos de infraestrutura e instalacións ou dotacións públicas compatibles co carácter da área.

3.— O proxecto desenvolverá a urbanización integral do seu ámbito definindo as servidumes ás que lugar o trazado das infraestruturas que discorran no seu ámbito.

4.— O tratamento de xardinería, arboredo, pavimentación, mobiliario, sinalización e iluminación deberá adaptarse ás posibilidades de conservación, segundo estas corresponde á iniciativa pública o á privada, a través dunha entidade de conservación ou calquera outro tipo de iniciativa.

**ANEXO Nº 1.**

**CATALOGO DE EDIFICIOS E ELEMENTOS A CONSERVAR**

**1. PATRIMONIO HISTORICO-ARTISTICO**

O inventario do Patrimonio arquitectónico de Interese Histórico-Artístico do municipio de tomiño, recollido no Anexo III das Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento da Provincia de Pontevedra, realizado pola dirección xeral do Patrimonio histórico e documental, (D.O.G. nº 135 16-7-1991) está formado polos seguintes elementos:

<i>Denominación</i>	<i>Parroquia/Lugar</i>
<b>ARTE</b>	
<b>ARQUITECTURA RELIXIOSA</b>	
Capela de San Lorenzo.	Hospital
Capela de San amaros.	Barrantes
Capela de Sanomedio.	Tomiño
Capela de San Roque	Goián
Capela de San Sebastián	Estás
Igrexa parroquial	Amorín
Igrexa parroquial	Barrantes

<i>Denominación</i>	<i>Parroquia/Lugar</i>
Igrexa parroquial	Currás
Igrexa parroquial	Estás
Igrexa parroquial	Forcadela
Igrexa parroquial	Goián
Igrexa parroquial	Pinzas
Igrexa parroquial	Piñeiro
Igrexa parroquial	Sobrada
Igrexa parroquial	Taborda
Igrexa parroquial	Tebra (Sta. María)
Igrexa parroquial	Tebra (S. Salvador)
Igrexa parroquial	Tomiño
Igrexa parroquial	Vilameán
Igrexa parroquial	Figueiró
<b>ARQUITECTURA CIVIL</b>	
<b>PAZOS E CASAS</b>	
Casa da Inquisición	Barrantes
Casa rectoral. Goián	
Pazo do Brosque	Tomiño
Pazo das Torres dos Correa	Goián
Pazo dos Troncoso de Lira	Mosteiro
<b>PONTES</b>	
Ponte Taborda	Taborda
<b>ARQUITECTURA MILITAR E DEFENSIVA</b>	
Castelo da Concepción	Goián
Castelo de S.Lorenzo	Goián
Castelo de Amorín	Amorín
Castelo de Medos	Estás
Torre de Tebra	Tebra

A continuación sinálanse as principias características de estes, así como outros elementos singulares que están sendo catalogados polos Servizos de Arquitectura da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental.

*Parroquia : AMORIN, San Xoán*

- 1- Iglesia Parroquial
- 2- Castillo de Amorín

**Identificación elemento: 36054001000001**

Denominación: IGREXA PARROQUIAL DE SAN XOAN

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: SAN XOAN DE AMORIN

Lugar: AMORIN

Século máis relevante: XV

Estilo relevante: Plateresco

Descrición:

Igrexa de planta rectangular de unha nave. Fachada con portada de arco adintelado recercado de molduras acodadas refundidas, flanqueada por pi-

lastras caixeadas e con doselete superior. Enriba hai un vano de arco semicircular (nunha antiga fornacina) con moldura plana e que remata en frontón semicircular; ten volutas os lados. Espadana central de dous vanos. Pilastras que flanquean cada muro; nos que ten pináculo.

Cada muro ten catro contrafortes; nos extremos da nave hai pilastras; sancristía situada o norte. Ábsida destacado en altura con contrafortes angulares, cubertas a dúas augas e pináculos nos ángulos.

*Parroquia: BARRANTES, San Vicente*

- 1- Igrexa Parroquial
- 2- Capela de San Mauro
- 3- Casa da Inquisición con Capela de San Miguel
- 4- Casa Rectoral

**Identificación elemento: 36054002000001**

Denominación: IGLESIA PARROQUIAL

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: BARRANTES

Século máis relevante: VI, outros XV

Estilo relevante: Románico, outros Plateresco

Descrición:

Portada de arco rebaixado recercado de moldura plana, óculo igualmente recercado e espadana central de dobre vano. Estremos marcados por pilastras que culminan en pináculos. Ábsida románico dividido en dous tramos de desigual altura. Baixo o aleiro caneleiros figurados e ventás saeteras. Sancristía adosada o norte.

Interior:

Nave cuberta de madeira, arco triunfal de medio punto dobrado sobre un par de columnas de capitel vexetal. O primeiro tramo do aside vai cuberto con bóveda de canón, en cada tramo de muro unha saetera derramada e sobre ela un óculo. O segundo tramo cuberto con bóveda de forno e tres saeteras, a do centro con óculo enriba. Porta de muro norte en arco de medio punto con tímpano decorado con cruz inscrita no círculo, en baixo dela unha inscrición. Este muro conserva saeteras derramadas. No seu outro arco convertido en altas e sen tímpano.

**Identificación elemento: 36054002000002**

Denominación: CAPELA DE SAN MAURO

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: BARRANTES

Século máis relevante: XVII

Estilo relevante: Chirrigueresco

Descrición:

Planta rectangular. Portada en arco rebaixado; ventanita e espadana central de un vano. Muros lisos e tellados cubertos a dúas augas.

**Identificación elemento: 36054002000003**

Denominación: CASA DA INQUISICIÓN CON CAPELA

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: BARRANTES

Século máis relevante: XV

Estilo relevante: Plateresco

Descrición

Casa moi arruinada e transformada en algunhas zoas. Conserva na súa fachada fiestras rectangulares e un escudo, en fronte aparecen as ruínas da antiga capela, que conserva o alzado do seus muros e a fachada. A porta e de arco de medio punto e culmina en espadana central de un vano. Fiestras receadas de moldura plan xunto o ábsida. Cabeceira tamén enmarcada con pilastras.

Denominación: RECTORAL DE SAN VICENTE DE BARRANTES

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: BARRANTES

Lugar: BARRANTES

Época de construción: 1990

Descrición:

Reconstrución da antiga, sen ningún respecto ni polo entorno nin polos materiais utilizados.

Casa con planta baixa semisótano, baixo e piso, con ampla terraza delanterira. Sen pintar .

Observacións:

Carece de interes, rompendo de forma lamentable a armonía do conxunto Igrexa, Atrio e Cemiterio.

*Parroquia: CURRAS, San Martiño*

- 1- Igrexa Parroquial

**Identificación elemento: 36054003000001**

Denominación: IGREXA PARROQUIAL

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: CURRAS

Século máis relevante: XV, outros XVII

Estilo relevante: Plateresco, outros Chirrigueresco.

Descrición

Igrexa de planta rectangular de unha nave. A fachada ten portada de arco adintelado e pináculos nos ángulos.

Espadana central de dobre vano. Ábsida destacado en altura con cuberta a catro augas.

Sancristía situada o Sur.

Parroquia: *ESTAS, Santiago*

- 1- Igrexa Parroquial
- 2- Capela de San Sebastián
- 3- Castelo de medos
- 4- Casa Rectoral

**Identificación elemento: 36054004000001**

Denominación: IGREXA PARROQUIAL

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: ESTAS

Século máis relevante: XV

Estilo relevante: Plateresco

Descrición:

Fachada dividida en tres calles por medio de pilastras. Portada de arco rebaxado recercado de molduras e doselete, sobre elo fiestra receada de moldura plana. Estremos con pilastras que acaban en pináculo. Fachada rematada con cornixa recortada e espadana central de dobre vano.

Muros laterais con tres contrafortes. Sancristía adosada o norte. Ábsida destacado en altura. Cornixa moldeada e tellados cubertos a tres augas.

**Identificación elemento: 36054004000002**

Denominación: CAPELA DE SAN SEBASTIAN

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: ESTAS

Século máis relevante: XV

Estilo relevante: Plateresco

Descrición:

Portada adintelada e espadana central de dobre vano. Estremos con pináculo en fachada e na cabeceira. Cornixa moldeada entorno a todo o edificio. Tellados cubertos a dúas augas.

Denominación: RECTORAL DE SANTIAGO DE ESTAS

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: ESTAS

Lugar: Estás-Tebra

Época de construción: Mais de un século

Descrición:

Casona solariega con disposición en "L", ce muros de mampostería e cuberta de tella. Perfectamente integrada no entorno, duna factura sobria pero equilibrada. Tanto pola súa disposición, como polo seu conxunto resulta extemadamente atractiva.

Planta baixa: ADEGA e cortellos.

Planta primeira: sala grande, catro habitacións, coziña e baño.

Observacións:

Edificio situado nun entorno rural de notable interese polas edificacións achegadas e pola propia.

Encontrase nun estado de semiabandono, pero sería facilmente recuperable.

Parroquia : *FIGUEIRO, San Martiño*

- 1- Igrexa Parroquial ou Santuario de San Campiño
- 2- Casa Rectoral.

**Identificación elemento: 36054002000001**

Denominación: IGREXA PARROQUIAL SANTUARIO DE SAN CAMPÍO

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: FIGUEIRO

Século máis relevante: XV

Estilo relevante: Plateresco

Descrición:

Planta basilical de tres naves. Ábsida cuberto con bóveda de aresta, arco triunfal de medio punto faixado sobre pilastras tamén caixeadas. Nave maior con bóveda de canón dividida en catro tramos por arcos feixóns de medio punto, sobre pilastras. Naves laterais cubertas con bóveda de aresta divididas tamén en catro tramos por feixóns de medio punto sobre pilastras.

Exterior: fachada dividida en tres rúas, a do centro adiantase con lixeiro alombamento. Portada de arco semicircular receada de molduras, enmarcada por columnas pegadas, acanaladas e rematadas en cornixa cortada; no medio gran óculo moldurado e fornacina con peana e doselete. Os lados de estas rúas pilastras que culminan en cornixa rota. Unha torre campanario a cada lado da porta construída por tres corpos. Muros laterais con tres contrafortes. Ábsida máis alto ca nave e esquinas enmarcadas por pilastras.

Denominación: RECTORAL DE SAN MARTIÑO DE FIGUEIRO

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: FIGUEIRO

Século máis relevante: 1814

Descrición:

Reconstrucción da primitiva construción, mantendo a planta rectangular anterior, sen máis respecto polo anterior que a disposición da planta; realizouse unha reconstrucción sen ningún tipo de consideración polo entorno, resultado formal pobre.

Planta baixa: ADEGA

Planta primeira:

Despacho, sala de espera, comedor, cocina, dous cuartos de baño e tres habitacións.

Planta ático: outras dependencias.

Observacións: Carece de interese.

Parroquia: FORCADELA

- 1- Igrexa Parroquial
- 2- Casa Rectoral

**Identificación elemento: 3605400600001**

Denominación: IGREXA PARROQUIAL

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: FORCADELA

Século máis relevante: XVIII

Estilo relevante: Churrigueresco, outros barroco

Descrición:

Igrexa de planta rectangular duna nave. Fachada con portada de arco rebaixado, receada de molduras planas e con doselete curvo, dúas pilastras enmarcan a portada e soben até a base da espadana.

A fachada está flanqueada por pilastras e leva pináculos nos ángulos. Espadana central de dous vanos con balaustrada. Fiestra central derramada con moldura plana.

Muros con ventás de arco apuntado con moldura plana. Ábsida destacado en altura, con pináculos nos ángulos.

Interior:

Ábsida con flasa bóveda de canón apuntado sobre pilastras, inscrición no arco triunfal con fecha de 1901.

Denominación: RECTORAL DE SAN PEDRO DE FORCADELA

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: FORCADELA

Lugar: barrio de cruceiros

Época de construción: máis de un século.

Descrición:

Casa solariega de planta en "L" pero resultado de dúas adicións. Realizada sobre muros de mampostería.

Portalón de entrada con lintel lixeiramente ornamentado.

Observacións:

Encóntrase en estado de completo abandono e con edificacións recentes practicamente pegadas, o cal dificultaría a súa rehabilitación, dado que a harmonía do conxunto resulta seriamente danada, dada a escasa calidade tanto da construción como da composición das citadas edificacións.

Parroquia: GOIAN, San Cristobo

- 1- Igrexa Parroquial
- 2- Pazo dos Correa ou de goián
- 3- Capela de San Roque
- 4- Casa Rectoral
- 5- Castelo da Concepción
- 6- Castelo de S. Lorenzo

**Identificación elemento: 3605400700001**

Denominación: IGREXA PARROQUIAL

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: GOIAN

Século máis relevante: XV

Estilo relevante: Plateresco

Descrición:

Planta basilical de tres naves. Ábsida con bóveda de aresta sobre pilastras. Arco triunfal de medio punto sobre pilastras. Nave maior con bóveda de canón dividida en catro tramos por feixóns que nacen sobre ménsulas decoradas con caras. Naves laterais cubertas de bóvedas de un cuarto de canón.

Exterior:

Fachada dividida en tres rúas por medio de pilastras. Porta de arco rebaixado con doselete, fiestra receada de moldura plana e copete semicircular con cornixa rota. Rúas lateral sur enmarcadas por pilastras que rematan en pináculo e o norte torre campanario de tres corpos acabados en estrutura bulbosa. Ábsida destacado en altura. Sancristías pegadas no muro norte e sur.

**Identificación elemento: 3605400700002**

Denominación: CAPELA DE SAN ROQUE

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: GOIAN

Século máis relevante: XV

Estilo relevante: Plateresco

Descrición:

Planta rectangular. Portada en arco rebaixado cun par de fiestras os lados e outra sobre a porta. Remata en espadana central dun vano. Muros lisos con troneira derramada xunto o ábsida e tellados cubertos a dúas augas.

**Identificación elemento: 3605400700003**

Denominación: PAZO DA TORRES OU DOS CORRREA

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: GOIAN

Século máis relevante: XV, outros IX

Estilo relevante: Plateresco, outros Historicista, Modernista

Descrición:

Planta rectangular. Un dos lados leva sólana sobre finas columnas e escada con antepeito. Fachada principal con portada adintelada receada de moldura plana decorada con volutas; encima gran escudo; os lados troneiras e balcóns sobre ménsulas decoradas.

Todo o edificio enmarcado con pilastras nos ángulos. Capela formando parte do muro con porta adintelada receada de moldura plana e espadana central dun vano.

**Identificación elemento: 3605400700005**

Denominación: RECTORADO DE SAN CRISTÓBAL DE GOIAN

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: GOIAN

Época de construcción: máis de un século

Descrición:

Casona solariega, de planta rectangular con dúas alas nos extremos de factura recia e nobre, con muros de mampostería con xambaxe de portas e fiestras de pedra labrada. Escada de acceso exterior nobre e en pedra tanto os peldaños como os antepeitos da mesma. Galería aberta á igrexa e o seu atrio, pechada e sobre columnata de pedra que configure un soportal inferior. Balcón con varanda de fundición.

Portalón de entrada con zambas e lintel de pedra sobre o que se coloca unha cruz.

A casa rectoral consta de planta baixa con dependencias parroquiais, planta alta e baixo cuberta. Vivenda parroquial.

Observacións:

Restauracións bastante respectuosa, salvo un aproveitamento baixo cuberta que distorsiona a armonía da cuberta da casa. O conxunto rectoral -Igrexario, atrio e igrexa de San Cristobol- bastante harmónico e de notable beleza.

**Identificación elemento: 3605400700006**

Denominación: CASTELO DE GOIAN

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: GOIAN

Século máis relevante: XIII

Descrición:

Planta cadrada con catro baluartes, foso profundo, porta con un anaco de camiño cuberto. A entrada da praza hai unha ponte con cinco arcos que da acceso a planta principal, orlado con un escudo a cada lado; sobre eles hai unha inscrición co ano da súa construción. Está totalmente abandonado, cuberto por maleza e arborado, tanto no seu foso como no interior, de onde non quedan edificios, excepto o pozo cuberto. A pesar de esto aínda se encontra alzada a súa estrutura principal abovedada e portillo con pasadizo

*Parroquia: PINZAS, Sta. María*

1- Igrexa Parroquial

2- Casa Rectoral

**Identificación elemento: 3605400800001**

Denominación: IGREXA PARROQUIAL

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: PINZAS, Santa María

Século máis relevante: XV

Estilo relevante: Plateresco

Descrición:

Portada adintelada receada de moldura plana; sobre ela escudito e fornacina igualmente receada. Fachada flanqueada por pilastras con pináculo e espadana central de dobre vano. Sancristía adosada o norte. Ábsida máis estreito ca nave; tódolos portes do edificio enmarcados por pilastras rematadas en gran capitel. Cornixas moldeadas e tellados cubertos a dúas augas.

Denominación: RECTORAL DE SANTA MARIA DE PINZAS

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: PINZAS

Descrición:

Edificación a medio construír, de planta baixomiñotas e planta primeira. Posible reforma duna primitiva construción existente.

Observacións:

Carente de todo interese e deficiente en tódolos aspectos tanto formal como funcional. Calidade da construción baixísima.

*Parroquia: PIÑEIRO, San Salvador*

1- Igrexa Parroquial

**Identificación elemento: 3605400100001**

Denominación: IGREXA PARROQUIAL

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: SOBRADA, San Salvador

Século máis relevante: XV

Estilo relevante: Plateresco

Descrición:

Igrexa de planta rectangular dunha nave. Portada de arco adintelado. Vano central recercado de moldura plana en gola. Espadana central de dobre vano. No muro sur hai unha porta sobre no que o lintel hai dúas machetas figuradas (cabezas de carneiro). Ábsida lixeiramente máis estreito que a nave, con pilastras e pináculos nas esquinas. Sacratísima situada o sur. Muro norte con vanos derramados con molduras planas.

*Parroquia: TABORDA, San Miguel*

1- Igrexa Parroquial

2- Ponte Taborda

**Identificación elemento: 36054001100001**

Denominación: IGREXA PARROQUIAL

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: TABORDA, San Miguel

Século máis relevante: XI

Estilo relevante: Gótico mudéxar

Descrición:

Planta basilical. Capela con bóveda de crucería dunha nave con escudo. Nervios que descansan sobre ménsulas. Arco triunfal oxival moldurado. Nave dun só tramo con cuberta de madeira. Sancristía adosada o lado esquerdo con cuberta plan de madeira.

Exterior:

Porta de entrada con arco moldurado, columnas exentas de fuste acanalado a enmarcan, rematando en pináculos. Fachada atravesada horizontalmente por dúas líneas de imposta. Sobre a última nace unha fiestra con arco de medio punto rebaixado e recercado. Remata en líneas concavas, pináculos nos extremos e espadana de dobre vano. Ábsida máis gaxo que a nave, con cubertas a dúas e tres augas, e contrafortes nas esquinas.

Denominación: PONTE TABORDA

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: TABORDA

Río: CEREIXO DA BRIÑA

Camiño: Antigo do Hospital a Tui

Coordenadas: 42º00'LN - 5º02'36LO

Século: XVI

Número de vanos: Un

Luces: 7,00 m

Tipoloxía:

Ponte do século XVI en sillería irregular con largos muros de acompañamento.

Estado de conservación: Regular

*Parroquia: TEBRA, Sta. María*

1- Igrexa Parroquia

2- Torre Fortaleza de Tebra

Denominación: IGREXA PARROQUIAL

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: TEBRA, Santa María

Século máis relevante: VI, outros XV

Estilo relevante: Románico, outros Plateresco

Descrición:

Igrexa de planta rectangular, con capelas laterais, fachada con portada de arco semicircular moldurado, enmascarada por pilastras caixeadas; remata en frontón roto con fornacina no centro de medio punto moldeada. Oculo encima da fornacina, tore campanario de dous corpos en esquina. Aside seidecagonal, precedido dun tramo recto, con canelei-

ros figurados. Muros laterais con capela, tres contrafortes e aleiro con simples caneleiros de proa.

A Sancristía está situada o norte.

Arco triunfal de medio punto peraltado e dobrado; paralelo o arco triunfal hai un segundo arco de función de faixón. Capiteirs figurados.

**Identificación elemento: 36054001400004**

Denominación: TORRE FORTALEZA DE TEBRA

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: TEBRA, Santa María

Século máis relevante: X, outros XV

Estilo relevante: Cisterciense, outros Plateresco

Descrición:

Da antiga fortaleza hoxe tan só se conservan restos, o mais interesante e a súa torre, de planta cadrada, con almacenase voladizo, garitas circulares nos ángulos, troneiras de diversa forma nos alzados, e entre outras fiestras, unha de arco conoidal. Ten unha ampla sólana no que hoxe é un pazo, sobre arcos semicirculares, rodeando en parte a base de dita torre, así como outras dependencias de diversas épocas. Conserva en fronte unha capela de nave e ábsida rectangular, abovedado con canón peraltado sobre arcos de igual directriz, o de ingreso e outro faixón sobre ménsulas.

*Parroquia: TEBRA, San Salvador*

1- Igrexa Parroquial

2- Casa Rectoral

**Identificación elemento: 3605400100001**

Denominación: IGREXA PARROQUIAL

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: TEBRA, San Salvador

Século máis relevante: VII, outros XI, XV

Estilo relevante: Románico mudejar, outros gótico mudejar, Plateresco.

Descrición:

Igrexa de planta rectangular dunha nave. Do primitivo templo só se conserva parte dos muros laterais e o ábsida rectangular. A fachada con portada de arco de medio punto de grandes dovelas; vano central recercado de molduras planas acodadas e espadana central de dous vanos; nos ángulos hai pináculos. O muro setentrional non ten contrafortes, en a súa parte oriental hai unha porta. Esta ten un arco semicircular de descarga, tímpano liso en dúas pezas sostido por dous canes. As xambas son de silares e teñen a súas arestas matadas por unha canaladura de botóns. No aleiro ten canecilos figurados, vexetais, etc. O muro meridionalmeridional é idéntico o anterior, a excepción dos canes da porta. O ábsida ectangular, unido directamente a

nave sen dodilo algún, tampouco mostra ningún contraforte. No centro fiestra moderna, aleiro con canecos variados. O ábsida é máis estreito que a nave. A sancristía está situada o norte. Restos de un edificio de dous períodos, un de finais de XII, segundo denuncian os canecos da nave e outro un pouco anterior correspondente a ábsida e porta setentrional.

Denominación: RECTORAL DE SAN SALVADOR DE TEBRA

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: SAN SALVADOR DE TEBRA

Descrición:

Casa rectoral renovada, con planta en "L". Muros de mampostería, cuberta de tela e carpintería de madeira. Consta de planta baixa e piso con patín e parra perimetral.

Observacións:

Integrada no entorno. Rectoral de 86 m2 por planta. Igrexario 6.328 m2.

Parroquia: TOMIÑO, Santa María

1- Igrexa Parroquial

2- Pazo de brosqe

3- Casa dos Troncoso de Lira, Mosteiro

4- Capela de San Lorenzo do Hospital

5- Capela de san Nomedio

6- Casa Rectoral

**Identificación elemento: 36054001400001**

Denominación: IGREXA PARROQUIAL

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: TOMIÑO, Santa María

Século máis relevante: VII

Estilo relevante: Románico

Descrición:

Planta de unha nave e un ábsida rectangular. Nave con falsa bóveda de canón de madeira. En cada muro hai tres fiestras que constan dun arco de medio punto sobre columnas acodiladas e capiteis vexetais. Ábsida con bóveda de canón dividida en dous tramos por arco faixón de medio punto. Arco triunfal de medio punto dobrado e peraltado, o arco faixón va sobre columnas e capiteis decorados, e en el triunfal historiados.

Exterior:

Fachada de catro arquivoltas de medio punto, con gran profusión decorativa. Descansan en columnas de capiteis vexetais. Torre campanario pegado o lado esquerdo. Muros laterais lisos con variados canecos que sosteñen o aleiro, ábsida rectangular con serie de caneleiros baixo o aleiro e de altura inferior a nave.

**Identificación elemento: 3605400700002**

Denominación: CAPELA DE SAN LORENZO

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: TOMIÑO, Santa María

Lugar: O Hospital

Século máis relevante: XV

Estilo relevante: Plateresco

Descrición:

Planta basilical, de nave única. Cuberta de madeira e coro os pes de madeira tamén.

Exterior: Porta adintelada con clave central. A dereita espadana dun vano con pináculos.

Xunto a ela existen as ruínas de un antigo hospital.

**Identificación elemento: 3605400700003**

Denominación: CAPELA DE SAN NOME DIO

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: TOMIÑO, Santa María

Século máis relevante: XVIII

Estilo relevante: Barroco

Descrición:

Planta basilical. Capela con bóveda de canón de madeira apuntada. Arco triunfal oxival sobre pilastras. Nave de un só tramo con bóveda de madeira apuntada.

Exterior:

Porta de arco allival sobre pilastras con capitel decorado. Fiestra trilobulada. Flanquean a fachada pilastras caixeadas que rematan en pináculo. O conxunto acaba en brutas estilizadas con espadana de un vano no centro. Ábsida destacado en altura con pináculos nas esquinas.

Inscrición 1911

**Identificación elemento: 3605400700005**

Denominación: PAZO DOS TRONCOSO DE LIRA

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: TOMIÑO, Santa María

Século máis relevante: XV

Estilo relevante: Plateresco

Descrición:

Portalón de entrada con escudo sobre o lintel e volutas, a ambos lados dos pináculos en forma de rolos con releve.

Casa en ruínas.

**Identificación elemento: 3605400700006**

Denominación: PAZO DE BROSQE

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: TOMIÑO, Santa María

Século máis relevante: XV

Lugar: Santa Rosa

Estilo relevante: Plateresco

Descrición:

Planta en "L", baixo e piso. Fiestras con trábateles, escudo nun lateral, escada exterior de subida o piso. Restos de ménsulas que deberon suxetar una sólana. Portalón de acceso con escudo.

Denominación: RECTORAL DE SANTA MARIA DE TOMIÑO

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: TOMIÑO, Santa María

Época de construción: 1968

Descrición:

Casa de planta cadrada con saínte, consta de planta baixa, primeiro e segundo e soto.

Muro de planta baixa en perpiaño, en primeiro e segundo endosado e pintado. Cuberta de tella. Baixo salón parroquial e servizo. Dous pisos con comedor, cocina, terraza, cuarto de baño, servizo e tres habitacións.

Observacións:

Casa carente de interese arquitectónico. Bo estado de conservación.

Parroquia: VILAMEAN, San Beito

1- Igrexa Parroquial

**Identificación elemento: 36054001500001**

Denominación: IGREXA PARROQUIAL

Provincia: PONTEVEDRA

Municipio: TOMIÑO

Parroquia: VILAMEAN

Século máis relevante: XV

Estilo relevante: Plateresco

Descrición:

Igrexa de planta rectangular dunha nave. Fachada con portada de arco adintelado flanqueada por pilastras e rematada por doselete. Encima do doselete hai unha fonacina semicircular enmarcada por molduras rectangulares e con doselete superior. A os lados ten volutas na súa base peana.

A fachada está fraqueada por pilastras. Ten espadaña central de dous vanos. Ábsida destacado en altura con contrafortes nas esquinas e pináculos nos ángulos. Sancristía situada o norte. Pilastras que enmarcan os extremos da nave.

## 2. PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

Como anexo independente incorporase o CATALOGO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS realizado pola empresa ANTA DE MOURA para a Consellería de Cultura. A continuación relaciónanse os elementos contidos no mesmo.

CÓDIGO	NOME	PARROQUIA	PLANO P.X.O.M
GA36054001	Xac. Paleolítico de A CHAN DO CEREXIO	Pinzás (Sta. María)	1
GA36054002	Petroglifo de AS PEDRIÑAS	Pinzás (Sta. María)	3
GA36054003	Mámoa 1 da CASIÑA DE OURO	Pinzás (Sta. María)	3
GA36054004	Petroglifo 1 AS CHANS DE TEBRA	Tebra (Sta. María)	4
GA36054005	Xacemento medieval de Outeiro da Cruz	Tebra (Sta. María)	5
GA36054006	O Castro / O Cresto	Tebra (Sta. María)	4
GA36054007	Mámoa 1 do Cerro das Veiguiñas	Tebra (Sta. María)	8
GA36054008	Mámoa 1 do Alto da Cruz	Barrantes (San Vicente)	6
GA36054009	Mámoa 1 do Alto da Cruz	Barrantes (San Vicente)	6
GA36054010	Mámoa 2 de Os Curros	Barrantes (San Vicente)	10
GA36054011	Mámoa 1 de Monte Pedrada	Barrantes (San Vicente)	10
GA36054012	Recinto amurallado de Madanela/Monte Pedrada	Barrantes (San Vicente)	10
GA36054013	Mámoa 1 de Os Curros	Barrantes (San Vicente)	10
GA36054014	Outeiro do Castro/ O Castillo	Barrantes (San Vicente)	7
GA36054015	Petroglifos de Os Cochos	Barrantes (San Vicente)	7
GA36054016	Necrópole medieval de Rotevella	Barrantes (San Vicente)	11
GA36054017	Xacemento medieval de Crestos/O Castro( Outeiro do Castro	Vilameán (San Beito)	7



CÓDIGO	NOME	PARROQUIA	PLANO P.X.O.M
	Veiguiñas		
GA36054008	Mámoa 1 do Alto da Cruz	Barrantes (San Vicente)	6
GA36054009	Mámoa 1 do Alto da Cruz	Barrantes (San Vicente)	6
GA36054010	Mámoa 2 de Os Curros	Barrantes (San Vicente)	10
GA36054011	Mámoa 1 de Monte Pedrada	Barrantes (San Vicente)	10
GA36054012	Recinto amurallado de Madanela/Monte Pedrada	Barrantes (San Vicente)	10
GA36054013	Mámoa 1 de Os Curros	Barrantes (San Vicente)	10
GA36054014	Outeiro do Castro/ O Castillo	Barrantes (San Vicente)	7
GA36054015	Petroglifos de Os Cochos	Barrantes (San Vicente)	7
GA36054016	Necrópole medieval de Rotevella	Barrantes (San Vicente)	11
GA36054017	Xacemento medieval de Crestos/O Castro( Outeiro do Castro	Vilameán (San Beito)	7
GA36054018	Castro/ Alto do castro/ Outeiro do Castro	Currás (San Martiño)	13
GA36054019	Monte dos Medos/ A Moura	Currás (San Martiño)	12/13
GA36054020	O Castillo	Amorín (San Xoan)	17
GA36054021	Castro de Soutela	Goián (San Cristovo)	21
GA36054022	Atalaia / Torreta/ Tore dos Ratóns	Goián (San Cristovo)	22
GA36054023	Castro / Crestos	Goián (San Cristovo)	21/22
GA36054024	Mámoa 3 de Os Curros	Barrantes (San Vicente)	10
GA36054025	Forte de San Lourenzoi	Goián (San Cristovo)	22
GA36054026	Mámoa 2 da Casiña de Ouro	Pinzás (Sta. María)	3
GA36054027	Mámoa 2 de Cerro das Veiguiñas	Barrantes (San Vicente)	6
GA36054028	Mámoa 2 do alto da Cruz	Barrantes (San Vicente)	6
GA36054029	Mámoa 3 do alto da Cruz	Barrantes (San Vicente)	6
GA36054030	Mámoa 2 de Monte Pedrada	Barrantes (San Vicente)	10
GA36054031	Mámoa 4 de os Curros	Barrantes (San Vicente)	10
GA36054032	Mámoa 5 de Os Curros	Barrantes (San Vicente)	10
GA36054033	Mámoa 6 de Os Curros	Barrantes (San Vicente)	10
GA36054034	Mámoa 1 de San Xinés	Barrantes (San Vicente)	6
GA36054035	Mámoa 2 de San Xinés	Barrantes (San Vicente)	6
GA36054036	Mámoa 3 de San Xinés	Barrantes (San Vicente)	6
GA36054037	Mámoa de As Cháns	Barrantes (San Vicente)	6
GA36054038	Petroglifo da Regueira dos Curros	Barrantes (San Vicente)	10
GA36054039	Petroglifo 1 de as Tomadas do Vinculado	Barrantes (San Vicente)	6
GA36054040	Petroglifo 2 de As Tomadas do Vinculado	Barrantes (San Vicente)	6
GA36054041	Petroglifo 1 de A Rochiña	Barrantes (San Vicente)	6
GA36054042	Petroglifo 2 de A Rochiña	Barrantes (San Vicente)	6
GA36054043	Petroglifo de Pías	Barrantes (San Vicente)	6
GA36054044	Explotación mineira de As Chans de Tebra	Tebra (Sta. María)	4
GA36054045	Mámoa de Escampada dos Porcos	Currás (San Martiño)	3

CÓDIGO	NOME	PARROQUIA	PLANO P.X.O.M
GA36054048	Pazo da Torre / Torre do Correas	Goián (San Cristovo)	22
GA36054049	Forte das Chagas	Goián (San Cristovo)	22
GA36054050	Inmediacións Capela de San Lourenzo	Goián (San Cristovo)	21
GA36054051	Xacemento romano de Soutelo / Espiritu Santo	Goián (San Cristovo)	18
GA36054052	Necrópole Tardorroma	Currás (San Martiño)	13
GA36054053	Petroglifo 2 de As Chans de Tebra	Tebra (Sta. María)	5
GA36054054	Petroglifo 3 de As Chans de Tebra	Tebra (Sta. María)	5
GA36054055	Petroglifo 5 de A Chans de Tebra	Tebra (Sta. María)	5
GA36054056	Mámoa 1 de Areeiro	Tebra (Sta. María)	5
GA36054057	Mámoa 2 de Areeiro	Tebra (Sta. María)	5
GA36054058	Petroglifo de Areeiro	Tebra (Sta. María)	5
GA36054059	Mámoa 3 de Areeiro	Tebra (Sta. María)	5
GA36054060	Mámoa 4 de Areeiro	Tebra (Sta. María)	5
GA36054061	Mámoa do Castro	Tebra (Sta. María)	8
GA36054062	Petroglifo do Outeiro do Cereixo	Pinzás (Sta. María)	3
GA36054063	Xacemento paleolítico de A Chán do Cereixo 2	Pinzás (Sta. María)	3
GA36054064	Xacemento paleolítico de A Chan do Cereixo 3	Pinzás (Sta. María)	1
GA36054065	Xacemento calcolítico-bronce de A Chán do Cereixo	Pinzás (Sta. María)	1
GA36054066	Petroglifo de A Chán do Cereixo	Pinzás (Sta. María)	3
GA36054067	Mámoa de A Tomada da Igrexa	Pinzás (Sta. María)	3
GA36054068	Petroglifo 3 de As Tomadas do Vinculado	Barrantes (San Vicente)	6
GA36054069	Petroglifo de A Chan da Castiñeira	Tebra (Sta. María)	8
GA36054070	Mámoa 1 de A Chán do Piñeiro	Piñeiro (San Salvador)	8
GA36054071	Mámoa 2 de A Chán do Piñeiro	Piñeiro (San Salvador)	8
GA36054072	Explotación Mineira de Os Buracos dos Mouros	Piñeiro (San Salvador)	3
GA36054ACH1	Achado paleolítico de A Chan do Cereixo 1	Pinzás (Sta. María)	1/3
GA36054ACH2	Achado paleolítico de A Chan do Cereixo 2	Pinzás (Sta. María)	1/3
GA36054ACH3	Achado paleolítico de A Chan do Cereixo 3	Pinzás (Sta. María)	1/3
GA36054ACH4	Achado paleolítico de A Chan do Cereixo 4	Pinzás (Sta. María)	1
GA36054ACH5	Achado calcolítico-bronce de A Chan do Cereixo 1	Pinzás (Sta. María)	4
GA36054ACH6	Achado calcolítico-bronce de A Chan do Cereixo 2	Pinzás (Sta. María)	4
GA36054ACH7	Achado calcolítico-bronce de A Tomada da Igrexa	Pinzás (Sta. María)	3
GA36054ACH8	Achado de material romano de Figueiró	Figueiró (San Martiño)	18
GA36054ACH9	Achado de Areeiro	Tebra (Sta. María)	5
GA36054ACH10	Achado romano de Soutelo	Goián (San Cristovo)	21
GA36054ACH11	Achado galaico-romano de Tebra	Tebra (San Salvador)	8